



CIRCULAR Nº 4

TEMPORADA 2021/22

NORMATIVA DOS CAMPEONATOS GALEGOS

- PRE-BENXAMÍN
- BENXAMÍN
- ALEVÍN
- INFANTIL
- XUVENIL
- SUB-23
- SÉNIOR
- VETERANO
- DISCAPACITADOS FÍSICOS/INTELECTUAIS

Debido á situación de pandemia que estamos sufrindo, a Federación Galega de Tenis de Mesa, INTENTARÁ celebrar os **campeonatos galegos** máis arriba citados, nas probas individual e dobles.

Non se cobrará **cota de inscrición** en ningunha das categorías.

As **datas** serán as seguintes:

- Sábado, 7/maio/2022: Pre-benxamín / Infantil / Discapacitados (Zas).
- Domingo, 8/maio/2022: Alevín/Sub-23 (Zas).
- Sábado, 28/maio/2022: Benxamín / Xuvenil (Monte Porreiro).
- Domingo, 29/maio/2022: Veteranos / Sénior (Monte Porreiro).

Publicarase circular anexa para as **arbitraxes**. Se non se cubre o nº mínimo de árbitros necesario, en grupos arbitrarán os propios xogadores.

Do control **COVID** (en caso de ser preciso) ocuparase a FGTM.

Para calquera dúbida que xurda, resolveraa o xuíz da competición.

Os clubs que queiran participar nestes campeonatos deberán empregar o **sistema de inscrición** explicado na web da FGTM, antes das seguintes **datas límite**:

- Para os campeonatos do 7/8 de maio: **martes, 26 de abril, ás 23:00 h.**
- Para os campeonatos de 28/29 de maio: **martes, 17 de maio, ás 23:00 h.**



NORMAS XERAIS

1. Os **clubes organizadores** dos campionatos galegos, deben aportar todos os trofeos en disputa.
2. Para poder inscribirse nos campionatos galegos é preciso ter **licencia** galega ou española en vigor, no intre do peche da inscrición.
3. Para a disputa dunha proba a **inscrición mínima** deberá ser, 8 individuais. Se nunha proba non se acada a cota mínima, farase unha única proba xuntando masculinos e femeninos, ou xuntando probas por categorías de idade.
4. Ningún xogador poderá participar en **2 probas** de diferentes campionatos o mesmo día.
5. Os **cabezas de serie** de tódalas categorías e probas, designaranse tendo en conta o ranking galego.
6. Aplicarase o **ranking** do circuíto galego en sentido estricto.
7. Sempre que a inscrición, o nº de mesas ou o tempo dispoñible o permita, as **fases das probas** poderán facerse en grupos na 1ª e 2ª fase e eliminatorias na fase final, ou por eliminatorias directas.
8. Os **grupos** serán preferentemente de 4/5 en individual. De xeito excepcional, para unha mellor organización da competición, se poderán facer grupos de 3/6/7.
9. Non se disputarán os **3º/4º postos** de tódalas probas.
10. Haberá **trofeos ou medallas** para os 4 primeiros (campeón, subcampeón e semifinalistas), en todas as categorías.
11. As **cotas máximas** de participación serán as seguintes:
 - a. 40 individuais masculinos.
 - b. 24 individuais femeninos.
 - c. 16 parellas dobres masculinos/femeninos.
12. Non se farán **cambios nos sorteos** unha vez publicados os listados e os sorteos definitivos, aínda que se comuniquen baixas que afecten a cabezas de serie.
13. As **baixas** que se produzan serán cubertas polos reservas, ocupando o posto que se produciu nesa vacante.
14. Calquera **baixa** por enfermidade, lesión, convocatoria de selección, etc., que se produza fóra de prazo, terá que ser xustificada documentalmente ante o xuíz árbitro.
15. A Federación Galega deixará 2 **prazas de reserva** para casos excepcionais e xustificadas, que entrarían dentro das cotas establecidas.



CAMPEONATO GALEGO VETERANO

1. As probas a disputar son:
 - a. Individuais masculinos +40, +50, +60, +65.
 - b. Individual feminina.
 - c. Dobres masculinos/femeninos.
2. De non poder cubrirse a cota mínima nalgunha das probas, as inscritas xogarán na proba de +60, os inscritos en +65 en +60 e, estes, na proba de +50, e no caso hipotético que tampouco así houbera proba, faríase unha única proba con todos os inscritos, baixo a denominación de +40.
3. Á marxe das condicións anteriores, os xogadores, poden inscribirse nas probas de categoría inferior.

CAMPEONATOS GALEGOS DISCAPACITADOS FÍSICOS / INTELECTUAIS

1. A competición individual será na 1ª fase en grupos e por eliminatoria na fase final.
2. O campeonato de discapacidade intelectual, disputarase na modalidade de individual masculina e feminina.
3. A participación é aberta para tódalas persoas con calquera tipo de discapacidade, que deberán acreditar co seu correspondente certificado oficial. Tamén deberán posuír a súa correspondente licenza federativa ou licenza FEDDF, no caso dos discapacitados físicos, ou licenza FEDDI, no caso dos discapacitados intelectuais.
4. No caso de non posuír ningunha delas, poderase solicitar xunto coa inscrición neste campeonato.

Cambados, 24 de marzo de 2022